



## ÍNDICE

### OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A SATISFACER

- 1.1. Obxecto do concurso.
- 1.2. Improcedencia de división en lotes.
- 1.3. Necesidades a satisfacer.
- 1.4. Contrato derivado.
- 1.5. Condicións especiais de execución.
- 1.6. Condicións do contrato derivado.
2. **ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E UNIDADE XESTORA**
  - 2.1. Órgano de contratación.
  - 2.2. Unidade xestora.
3. **RÉXIME XURÍDICO, XURISDICIÓN E RECURSOS**
  - 3.1. Natureza e réxime xurídico.
  - 3.2. Xurisdición.
  - 3.3. Recursos.
4. **VALOR ESTIMADO E EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**
  - 4.1. Valor estimado.
  - 4.2. Crédito orzamentario.
5. **PREZO E PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**
  - 5.1. Prezo do Concurso de proxectos e do Contrato derivado.
  - 5.2. Prazo de execución.
6. **PARTICIPANTES NO CONCURSO**
  - 6.1. Requisitos xerais dos participantes.
  - 6.2. Habilitación profesional.
  - 6.3. Incompatibilidades e deber de abstención.
7. **COMPOSICION E FUNCIONAMENTO DO XURADO**
  - 7.1. Composición do xurado.
  - 7.2. Constitución e réxime de funcionamento do xurado.
  - 7.3. Funcións do xurado.
8. **PROCEDEMENTO E ADXUDICACIÓN DO CONCURSO**
  - 8.1. Documentación.
  - 8.2. Forma e lugar de presentación.
  - 8.3. Prazo de presentación.
  - 8.4. Criterios de valoración das propostas.
  - 8.5. Garantías provisional e definitiva.
  - 8.6. Desenvolvemento do concurso.
  - 8.7. Comprobacións posteriores e adxudicación.
9. **DESISTENCIA E RENUNCIA.**
10. **PROPIEDAD INTELECTUAL.**
  - 10.1. Garantías, dereitos e titulares.
  - 10.2. Créditos.
11. **DIFUSIÓN**
  - 11.1. Exposición e publicación.
  - 11.2. Dereito de información dos concursantes.
12. **DEREITOS DE IMAXE E CONFIDENCIALIDADE**
  - 12.1. Dereito de imaxe
  - 12.2. Confidencialidade.



## **1. OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES A SATISFACER**

### **1.1. Obxecto do concurso.**

Constitúe o obxecto do presente concurso de proxectos con intervención de xurado, a selección da proposta que, de acordo co establecido no prego de PPT, sexa elixida como a mellor considerada para prestar o servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de construción da NOVA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN.

O citado proxecto de construción, deberá incluír ademais a demolición das ramplas de acceso á pasarela peonil existente actualmente no lugar, así como dos dous estribos desta e o posterior desmonte da pasarela de madeira. Tamén debe de contemplar a continuidade dos paseos laterais do río Cabe, baixo a ponte na marxe dereita do río.

Considerarase, a xuízo do Xurado e de acordo cos criterios definidos nas presentes bases, como mellor proposta a que ofrezca a mellor solución funcional, técnica e estética. Establécense un reducido número de condicionantes e limitacións para dar aos participantes a maior liberdade posible no proxecto, dentro do concepto estrutural de ponte pretendida polo Concello, co obxecto de facilitar a libre expresión de formulacións técnicas e urbanísticas. Deberán considerarse ao mesmo tempo criterios sustentables e orixinais, no marco de cumprimento da normativa vixente. Todo iso tendo en conta ao mesmo tempo a eficiencia e o equilibrio nos custos de execución material das obras que garantan a viabilidade do proxecto.

O órgano de contratación contou coa asesoría técnica do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo para a elaboración do prego de PPT.

O obxecto do concurso correspóndese ao código CPV 71311100-2 "Servizos de asistencia en enxeñaría" do Vocabulario Común de Contratos (CPV) aprobado polo Regulamento (CE) nº213/2008, da Comisión de 29 de novembro de 2007.

### **1.2. Imprudencia de división en lotes.**

De acordo co artigo 99, 3 b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público a natureza do obxecto do presente non permita a súa realización mediante división por lotes. O contrato pretende satisfacer un programa de necesidades heteroxéneo nunha única instalación polo que é necesario adecuala de maneira global coordinando distintos requisitos.

### **1.3. Necesidades a satisfacer.**

Nos primeiros anos do século XX, construíuse unha ponte metálica sobre o río Cabe, na actual avenida de Galicia. A falta de mantemento da estrutura provocou o seu colapso na década dos 50 do século pasado, sendo substituída pola estrutura de vigas pouco tempo despois.

Co fin de mellorar a conexión entre as marxes do río Cabe, exponse a execución dunha nova ponte metálica de características similares á que no seu momento existiu. Como localización propónse a conexión da rúa Santa Clara coa marxe esquerda, xa que ao ter continuidade coa Rúa Corredoira suporía un novo acceso ao Hospital Comarcal de Monforte. Neste punto sitúase unha pasarela peonil de madeira, que deberá ser desmontada e demoler as súas estribos e ramplas de acceso para a execución da nova estrutura.

Igualmente, a finalidade a satisfacer pola execución do presente contrato será a eliminación do tráfico rodado na ponte medieval, actualmente unidireccional, coa pretensión de recuperar o espazo para a cidadanía, limitándoa exclusivamente ao seu uso peonil.

### **1.4. Contrato derivado.**



Será contrato derivado do presente concurso de proxectos con intervención de xurado, a contratación mediante procedemento negociado sen convocatoria de licitación ao titular da oferta gañadora do presente concurso, da redacción definitiva do proxecto e da dirección facultativa da obra, cando se realice esta.

### **1.5. Condicións especiais de execución.**

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

Ao abeiro do disposto no artigo 145 LCSP establécense as seguintes condicións especiais de execución para este contrato:

De tipo social:

- Non poderán concorrer á licitación os que resultasen condenados por sentenza firme nos últimos 5 anos por vulneración grave dos dereitos dos traballadores.
- Non poderá concorrer á licitación quen aplique ao seu persoal un convenio colectivo que contemple condicións menos favorables que as do convenio xeral do sector.

### **1.6. Condicións do contrato derivado.**

O Concello de Monforte de Lemos licitará con posterioridade o contrato de servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto e dirección facultativa das obras, mediante convocatoria de licitación a favor do gañador do concurso.

A tal fin, requirirá ao gañador a presentación da documentación acreditativa en materia de capacidade, solvencia, constitución de UTE, se é o caso, así como a xustificación de estar ao corrente de pagos. No caso de que non se acredite adecuadamente o Concello de Monforte de Lemos poderá licitar o procedemento co segundo finalista e así sucesivamente.

O gañador do concurso deberá integrar no anteprojecto definitivo todas as suxestións e/ou modificacións que o xurado do Concello de Monforte de Lemos considere oportunas.

## **2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E UNIDADE XESTORA**

### **2.1. Órgano de contratación.**

Denominación: Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Enderezo postal: Campo de San Antonio, s/n. 27400 Monforte de Lemos

DIR3: L01270312

### **Órgano destinatario do obxecto do contrato**

Denominación: Concello de Monforte de Lemos /Enderezo postal: Campo de San Antonio, s/n. 27400

### **2.2. Unidade xestora.**

**Unidade tramitadora:** Secretaría- Contratación do Concello de Monforte de Lemos

DIR3: L01270312

**Oficina contable:** Intervención Xeral do Concello de Monforte de Lemos

DIR3: L01270312

## **3. RÉXIME XURÍDICO, XURISDICIÓN E RECURSOS**

### **3.1. Natureza e réxime xurídico.**



**CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN.**

Expediente:

**021-CP20**

O presente concurso de Proxectos con intervención de xurado, que ten carácter administrativo, rexerase polo disposto nas presentes Bases e os artigos 183 a 187 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP) sobre normas especiais aplicables aos concursos de proxectos.

Así mesmo, serán de aplicación ás presentes bases as normas do procedemento aberto que non sexan incompatibles coas normas que rexen nos concursos de proxectos.

O presente concurso configúrase como un concurso de proxectos con intervención de xurado con premios aos participantes, de conformidade co establecido no artigo 183.2 b) da LCSP.

No non regulado nestas bases estarase ao previsto nas normas e disposicións reguladoras do contrato de servizos segundo se establece na LCSP, así como ao establecido no Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público e no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/ 2001 de 12 de outubro, no que non se opoña ás anteriores normas.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

### **3.2. Xurisdición.**

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditou, ou ser impugnados mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei Reguladora da devandita Xurisdición.

### **3.3. Recursos**

O recurso en vía administrativa contra os actos relativos á preparación, adxudicación e efectos do concurso de proxectos será o que corresponda en función do indicado a continuación.

Cando se trate dun acto incluído no artigo 44 da LCSP poderá interperse o recurso especial en materia de contratación a que fai referencia este precepto ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no prazo de quince días hábiles a contar conforme ao establecido no artigo 50.1 da LCSP. Todo iso, de conformidade co establecido nos artigos 44 a 60 da LCSP.

O recurso poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (R/ Raxeira 52, 2. º 15781 - Santiago de Compostela; <https://tacgal.xunta.gal>).

En caso de tratarse dun acto non incluído no artigo 44 da LCSP, poderá interpoñerse, segundo proceda en cada caso, un recurso de alzada ou ben o recurso especial en materia de contratación, de conformidade con este precepto e coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O recurso especial en materia de contratación é potestativo, podendo acudirse alternativamente á vía contencioso-administrativa.

## **4. VALOR ESTIMADO E EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**

### **4.1. Valor estimado.**

O valor estimado dos concursos de proxectos inclúe a cantidade fixa que, eventualmente, se aboe en concepto de premios e o importe do contrato derivado do concurso. No presente concurso de proxectos con intervención de xurado non se establecen premios, constituíndo a recompensa para o gañador a formalización do contrato derivado cuxo V.E. é de 98.503,39 €.

### **4.2. Crédito orzamentario.**



Para a execución do contrato existe crédito na aplicación 1532.61904 do vixente orzamento municipal.

## **5. PREZO E PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

### **5.1. Prezo do Concurso de proxectos e do Contrato derivado.**

En consonancia co disposto no apartado 4.1 o prezo do presente contrato unicamente inclúe o do contrato derivado, dada a non existencia de premios en metálico. O importe de adxudicación deste contrato será de 46.048,07 € (prezo sen IVE) para a redacción do proxecto e 52.455,32 € (prezo sen IVE) para a dirección das obras cando estas se adxudiquen e durante os exercicios orzamentarios que dure aquela. O prezo total ascende por tanto a 98.503,39 € (prezo sen IVE).

### **5.2. Prazo de execución.**

O prazo de execución das prestacións obxecto do contrato establécese en CATRO (4) MESES desde a firma da acta de inicio.

## **6. PARTICIPANTES NO CONCURSO**

### **6.1. Requisitos xerais dos participantes.**

Poderán presentarse a este concurso, por si ou por medio de representantes debidamente autorizados, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que, de acordo co previsto nos artigos 65 a 70 da LCSP, teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nas causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 71 da mencionada Lei na data de conclusión do prazo de presentación de proposicións, nin tampouco cando se proceda a resolución do concurso, e acrediten a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional esixida.

As persoas xurídicas só poderán participar neste concurso se os fins, obxecto ou ámbito da súa actividade, a teor do que dispoñan os seus estatutos ou regras fundacionais, son acordes ás prestacións que se esixen neste concurso. As persoas físicas deberán estar en posesión do título de enxeñeiros de camiños, canles ou portos ou equivalente nestes países.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán cumprir os termos esixidos nos artigos 68 e 84.3 da LCSP e no artigo 10 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; igualmente, en caso de resultar adxudicatarios deberán abrir sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e inscribirse no Rexistro Mercantil. As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea (ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo) deberán suxeitarse ao disposto no artigo 67 da LCSP.

As unións temporais de empresarios deberán aterse ao establecido no artigo 69 da LCSP. As empresas que desexen participan no concurso que regulan estas Bases en Unión Temporal de Empresas deberán subscribir un compromiso firme de constitución da UTE en caso de resultar adxudicatarios. Este documento deberá estar asinado por cada un dos representantes das empresas que licitan con carácter de unión temporal. Instrumentarase mediante o Anexo III.

Non poderán concorrer ao concurso as empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica e/ou profesional, polos medios seguintes:

#### **A. Acreditación da solvencia económica e financeira:**

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira cos medios descritos a continuación:

Compromiso vinculante de subscrición dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe non inferior a 300.000 euros, en caso de resultar adxudicatario.

Para acceder ao premio será requisito de solvencia económica a subscrición dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe non inferior a 300.000 euros así como o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato (artigo 87, 1.b) LCSP).



O concursante que obteña o premio acreditará o cumprimento deste requisito dentro do prazo de dez días hábiles ao que se refire o apartado 2 do artigo 150 da LCSP e efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación dun seguro, nos casos en que proceda.

B .Acreditación da solvencia técnica e/ou profesional:

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia técnica e/ou profesional cos medios descritos a continuación:

B.1. Declaración xurada do profesional ou representante legal da empresa na que se relacionen os membros do equipo técnico con indicación das titulacións académicas, comprometéndose a adscribir á execución do contrato os sinalados medios persoais.

B.2. Orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida para cada un dos membros do equipo. As titulacións poderán ser substituídas polo certificado do Secretario do Colexio Profesional correspondente que acredite tal circunstancia.

B.3. Carta de compromiso de cada unha das persoas integrantes do equipo mínimo, e daqueles profesionais que, a maiores, se puidesen incluírse no equipo.

C. Acreditación da capacidade para contratar:

Con independencia da documentación que no momento da presentación de propostas debe ser presentada, o Concello de Monforte de Lemos resérvase o dereito de comprobación, en calquera momento, do cumprimento dos requisitos de capacidade necesarios para participar no Concurso.

A non acreditación dos requisitos para concursar implicará a descualificación do Concurso.

Cada unha das persoas ou UTEs que tomen parte no Concurso elaborará unha única proposta. Ningún interesado poderá presentarse en unión temporal se o fixo individualmente, así como tampouco poderá figurar en máis dunha unión temporal. A vulneración da presente Base dará lugar á non admisión de todas as participacións subscritas polo mesmo. Será igualmente, causa da non admisión ao concurso a presentación dun mesmo equipo técnico ou dun mesmo membro deste equipo por varios concursantes.

Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

## **6.2. Habilitación profesional.**

A complexidade técnica do obxecto do concurso esixe que o licitador se comprometa a constituír un equipo técnico mínimo que deberá estar composto, polo menos, polos seguintes perfís profesionais:

- 1 coordinador de equipo e responsable de proxecto, enxeñeiro de camiños ,canles e portos ou titulación equivalente. No caso de persoas físicas, esta persoa deberá ser o propio licitador.
- 1 responsable da dirección das obras, enxeñeiro de camiños, canles e portos ou titulación equivalente.
- 1 responsable da dirección de execución de obra, enxeñeiro/a técnico/a ou titulación equivalente.
- 1 responsable- coordinador de seguridade e saúde, técnico superior ou medio, coa titulación e habilitación adecuada e un técnico de grao medio para a realización dos labores diarios de control *in situ* da obra.

Unha mesma persoa poderá reunir dous ou máis perfís profesionais sempre que acredite a titulación requirida para cada un deles.

## **6.3. Incompatibilidades e deber de abstención.**

Sen prexuízo do previsto na lexislación vixente, non poderán participar no concurso, como titulares ou como membros de equipos, persoas comprendidas nos seguintes supostos:

- Os membros do Xurado e os redactores do Prego de Prescricións Técnicas.
- Quen teña, cos anteriores, parentesco por consanguinidade até o cuarto grao ou por afinidade até o segundo grao.





- Quen se atope asociado, ou manteña relacións de servizo ou colaboración profesional cos membros do Xurado e cos redactores do Prego de Prescricións Técnicas.
- E en xeral, en cumprimento do establecido nos artigos 64 e 70 da LCSP, calquera participación que poña en perigo o cumprimento de igualdade de trato ou falsee a competencia.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do Xurado durante o período de celebración do concurso.

No caso de que algún dos participantes no concurso ou dos integrantes do equipo teña a condición de funcionario, deberá presentar autorización de compatibilidade para o exercicio de actividades profesionais fóra das Administracións Públicas.

## **7. COMPOSICION E FUNCIONAMENTO DO XURADO**

### **7.1. Composición do xurado.**

A teor do disposto no artigo 187.3 da LCSP. Cando se esixa unha cualificación profesional específica para participar nun concurso de proxectos, polo menos dous terzos dos membros do xurado deberán posuír dita cualificación ou outra equivalente.

O xurado estará composto polos membros que se indican a continuación:

Presidente:

- Alcalde- Presidente do Concello de Monforte de Lemos.

Vogais:

- Dous enxeñeiros elixidos pola Escola Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.
- Dous enxeñeiros elixidos polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños de Galicia.
- Dous enxeñeiros designados pola Deputación Provincial de Lugo.
- Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos

Secretario:

- Un funcionario do grupo A-1 designado polo Concello de Monforte de Lemos.

O órgano de contratación nomeará un suplente para cada un dos membros do Xurado que actuará en caso de ausencia do respectivo titular.

A identidade dos membros do Xurado será publicada no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos, de conformidade co establecido na LCSP, para os efectos de poder liquidar posibles incompatibilidades segundo o contido do apartado 5 destas Bases.

### **7.2. Constitución e réxime de funcionamento do xurado.**

O órgano de contratación estará asistido por un Xurado, que se encargará de avaliar e clasificar as propostas presentadas. Unha vez emitida a súa decisión elevarase ao órgano de contratación para a resolución do concurso.

O Xurado será o órgano responsable de avaliar e clasificar as propostas presentadas a fin de determinar aquela que estime máis adecuada aos fins obxecto de licitación de acordo cos criterios de avaliación. Unha vez determinada dita proposta, elevarase ao órgano de contratación para a súa aprobación e resolución do concurso.

A súa actuación axustarase aos contidos do presente prego regulador e, supletoriamente, ao establecido nas normas relativas ao funcionamento dos órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O xurado constituirase e actuará de acordo co previsto no art. 187 da LCSP.

O Xurado será convocado polo seu Presidente para a súa constitución para os efectos de análises da documentación, admisión e exclusión dos traballos presentados, o quórum para a válida constitución do Xurado e o exercicio das devanditas funcións, requirirá



polo menos dous terzos dos seus membros, sendo imprescindible para a súa constitución a presenza do Presidente, o Secretario. As súas decisións serán tomadas por maioría simple, dispendo o Presidente de voto de calidade en caso de empate.

No acto de constitución do Xurado os seus membros declararán acerca da non existencia de incompatibilidades, previstas con carácter xeral na LCSP. En caso de existir algunha incompatibilidade, o membro do Xurado afectado pola mesma deberá abandonalo e, neste suposto, nomearase a outro que reúna os requisitos do que incorra en incompatibilidade.

O Xurado poderá convidar ás sesións de deliberación a persoas expertas no ámbito obxecto do concurso, con voz, pero sen voto. Tamén poderá realizar as consultas técnicas externas que considere necesarias a profesionais, persoas cualificadas e expertas na materia correspondente, se considerase necesario un informe adicional para a correcta interpretación e/ou valoración dos proxectos presentados ao concurso.

De cada sesión que celebri o Xurado levantarase acta polo Secretario, que especificará necesariamente os asistentes, orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e o tempo no que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados achegándose, se é o caso, o voto particular que puider formular o membro do Xurado cuxa opinión sexa discrepante coa maioría.

En tanto non se produza a resolución os membros do Xurado gardarán segredo das deliberacións e absteranse de revelar fóra das súas sesións as informacións ás que tivesen acceso no exercicio da súa función.

As decisións do Xurado serán públicas e motivadas. A soa presentación dos candidatos a este proceso leva implícita a aceptación íntegra das normas do mesmo e, en particular, das decisións do xurado.

Os membros do xurado están suxeitos ao réxime de abstención e recusación previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **7.3. Funcións do xurado.**

Son funcións a realizar polo xurado as seguintes:

-A análise da documentación do sobre 1 e a valoración das propostas.

-A proposta razoada de exclusión daqueles traballos non admitidos, que se recollerá en acta, e que poderá deberse a:

- a) Insuficiencia da documentación para a adecuada valoración das propostas.
- b) Quebrantamento do anonimato, ben por desvelar a autoría por calquera medio, ben por presentar elementos gráficos identificativos da identidade do autor da proposta.
- c) Calquera intento de presión ou de revelación da identidade aos membros do xurado, debidamente acreditado.
- d) Presentación de traballos xa publicados ou divulgados, ou divulgación da proposta presentada antes da proclamación de resultados.
- e) Existencia de inexactitudes e contradicións flagrantes no contido da proposta.
- f) Presentación de máis dunha proposición, individualmente ou como membro dun equipo ou unha ou máis unións temporais de empresas.

-A vixilancia e o cumprimento do rigoroso anonimato co que se deberá examinar a documentación dos sobre 1.

-Análise da documentación contida no sobre 2 relativa á identificación e solvencia dos participantes.

-Elaboración do informe sobre o resultado do concurso, asinado por todos os seus membros, onde constará a clasificación de cada proxecto de acordo coas normas do concurso xunto coas observacións e demais aspectos que requiran aclaración.

## **8. PROCEDEMENTO E ADXUDICACIÓN DO CONCURSO**

### **8.1. Documentación.**





**CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN.**

Expediente:

**021-CP20**

Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade das prestacións que se configuran nestas Bases e no Prego de Prescricións Técnicas particulares, quedando obrigados ao íntegro cumprimento do previsto neles.

Os concursantes deberán indicar expresamente, se é o caso, a documentación achegada nas súas proposicións que ten carácter confidencial para os efectos previstos no artigo 133.1 da LCSP.

O Concello de Monforte de Lemos pon a disposición dos concursantes, ao obxecto de preparar adecuadamente as súas propostas, no Perfil do contratante as Bases do Concurso, o Prego de Prescricións Técnicas e demais información á que fai referencia o artigo 63 da LCSP.

O Concello de Monforte de Lemos non asumirá responsabilidades das que se poidan deducir reclamacións de indemnización por danos ou perdas nos envíos das proposicións.

- As proposicións constarán dun sobre/paquete pechado, no que se referencie o seguinte título "CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN" identificando no seu exterior exclusivamente co LEMA elixido polos concursantes para preservar o anonimato.

O sobre/paquete presentase en embalaxe opaca e pechada, a cal conterá dous sobres á súa vez pechados, co lema elixido polo concursante escrito no exterior de cada un deles. O LEMA será elixido libremente polo participante que en ningún caso deberá coincidir co nome real deste, nin, de ser o caso, co de ningún membro do equipo ou denominación social da persoa xurídica participante. O LEMA que servirá para identificar os traballos, aparecerá en toda a documentación gráfica e escrita, no seu ángulo superior dereito. En todo caso evitarase que na entrega no Rexistro ou no paquete aparezan datos Os idiomas oficiais para a presentación da documentación e desenvolvemento do concurso serán o castelán ou o galego, polo que toda a documentación técnica e administrativa que se achegue deberá presentarse nalgún destes idiomas.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folla independente, cumprirá os requisitos que se sinalan nos apartados seguintes:

**SOBRE NÚMERO 1:** Deberá ter o seguinte título: "SOBRE Nº1: Documentación Xeral para o "CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN". O seu contido será o seguinte:

- Identificación do concursante para os efectos de notificacións. Deberá incluírse o enderezo completo do concursante para os efectos de notificacións incluíndo enderezo de correo electrónico, a cuxos efectos deberá subscribirse solicitude de participación de acordo co modelo incorporado como Anexo I ás presentes Bases.

Indicarase de forma expresa, no caso de non resultar premiado, se o concursante prefire permanecer no anonimato, tanto na exposición pública dos traballos presentados, como na súa posible publicación. A ausencia deste dato será interpretado como que o autor non desexa conservar o anonimato. Os traballos premiados non poderán conservar o anonimato, aínda cando se solicitase expresamente.

- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, se é o caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo. Acompañarase copia autenticada do CIF.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con asiduidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma



substancialmente análoga ou se é o caso, que o devandito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio.

2.- Cando o licitador actuei mediante representante este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación. Acompañarase copia autenticada do DNI do representante.

3.- Cantos documentos acrediten a solvencia económica, financeira, técnica e profesional, segundo os termos e requisitos recolleitos nestas Bases.

4.- Declaración responsable de capacidade para contratar, de non incorrer o licitador, nin o seu representante ou apoderado, se é o caso, na prohibición de contratar coa Administración conforme ao art. 71 da LCSP, comprendida expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Esta declaración instrumentarase no Anexo II.

5.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

Toda a documentación que se deba presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias, que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

Este sobre abrirase polo Xurado en último lugar, unha vez feita pública a valoración dos proxectos presentados.

**SOBRE NÚMERO 2:** Deberá ter o seguinte título: "SOBRE Nº2: Documentación Técnica para o "CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN ".

Ao esixirse a presentación da proposta técnica baixo LEMA con obxecto de preservar o anonimato dos concursantes, en ningún lugar da documentación poderá figurar o nome ou signo que poida identificar, directa ou indirectamente, ao autor ou autores dos traballos. Quedarán excluídas do Concurso aquelas propostas que vulneren, por calquera medio, o requisito do anonimato.

O contido deste sobre será o seguinte:

#### 1.- Paneis

A proposta presentarase en 8 paneis máximo tamaño UNE A-3 montados sobre elemento lixeiro tipo cartón pluma.

Cada panel terá rotulado o título xeral do concurso e LEMA na esquina superior dereita.

Nos paneis incluíranse todos os planos necesarios a xuízo do concursante para a adecuada definición da proposta: planos xerais e de detalle a escala definida e de uso común (incluírase unha escala gráfica).

Admitiranse bosquexos, infografías, perspectivas ou calquera expresión gráfica que explique a proposta, así como fotografías de maquetas (pero non maquetas).

#### 2.- Dossier

*Dossier* UNE A-4 que inclúa:

- Portada, reproducións en A4 dos paneis descritos no apartado anterior.
- Memoria descritiva da proposta.
- Orzamento por capítulos que reflecta a viabilidade económica da proposta.
- Toda aquela información que o concursante considere relevante para un maior entendemento da súa proposta por parte do xurado.

A extensión máxima deste *dossier* será de 50 follas UNE A-4, impresas a unha soa cara e incluíndo as reproducións dos paneis. O tipo de letra utilizado será Arial, tamaño mínimo 11, entreliñado mínimo 1.

#### 3.- Documentación en soporte dixital.

Sobre ou caixa con CD-ROM/ DVD ou calquera outro tipo de soporte en memoria flash identificado só coa lema, que conteña:

- Reprodución do panel ou paneis presentados en formato pdf.
- Copia dixital en formato pdf de toda a documentación detallada no *dossier*. Os concursantes procurarán que cada arquivo teña un tamaño non superior a 10MB.



O soporte dixital deberá estar identificado exclusivamente mediante o LEMA escollido polo concursante, coincidente co que figura nos paneis da proposta.

Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade das prestacións que se configuran nestas Bases e no Prego de Prescricións Técnicas particulares, quedando obrigados ao íntegro cumprimento do previsto neles.

Os concursantes deberán indicar expresamente, de ser o caso, a documentación achegada nas súas proposicións que ten carácter confidencial aos efectos previstos no artigo 133.1 da LCSP.

O Concello de Monforte de Lemos pon a disposición dos concursantes, ao obxecto de preparar adecuadamente as súas propostas, no Perfil do contratante as Bases do Concurso, o Prego de Prescricións Técnicas e demais información á que fai referencia o artigo 63 da LCSP.

O Concello de Monforte de Lemos non asumirá responsabilidades das que se poidan deducir reclamacións de indemnización por danos ou perdas nos envíos das proposicións.

## **8.2. Forma e lugar de presentación.**

As proposicións e a documentación complementaria presentaranse, na forma indicada nos apartados seguintes, no lugar e prazo sinalado no anuncio de licitación.

De acordo coa Disposición Adicional 15, 3 d) da LCSP, a presentación das ofertas non se levará a cabo utilizando medios electrónicos xa que se require a presentación de modelos físicos.

As funcións de Secretaría do concurso serán levadas a cabo pola Unidade de Contratación do Concello de Monforte de Lemos, correspondéndolle a recepción dos traballos descritos nestas Bases.

As proposicións dirixiranse ao Concello de Monforte de Lemos e as presentacións realizaranse exclusivamente no Rexistro Xeral de Entrada do devandito Concello, situado na planta baixa da Casa do Concello, Campo de San Antonio s/n 27400, Monforte de Lemos.

Para os efectos anteriormente indicados, o enderezo, nº de fax e correo electrónico son os seguintes:

Concello de Monforte de Lemos

Unidade de Contratación

Campo de Santo Antonio, s/n

27400 Monforte de Lemos

Teléfono: +34 982402501 Fax: 982404812

Enderezo electrónico: [contratacion@concellodemonforte.com](mailto:contratacion@concellodemonforte.com)

Os interesados poderán examinar as Bases, Prego de Prescricións Técnicas e documentación complementaria, nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no perfil do contratante do órgano de contratación.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo participante da totalidade do contido destas Bases e do Prego de Prescricións Técnicas.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, o material recibido será desembalado e preparado para o exame do Xurado, por persoas alleas a este, que destruírán toda referencia ao remitente que puidese haber nos envoltorios dos paquetes, conforme ao previsto nestas bases.



No expediente de contratación aberto para o efecto, incorporárase expresamente a certificación das proposicións presentadas, na que se consignarán o número de orde dos traballos recibidos e o súa lema, dando traslado deste á Mesa de contratación, constituída en forma de Xurado.

Os traballos presentarase baixo LEMA, que deberá figurar en todos os documentos, de tal maneira que estes se manteñan anónimos ata que se produza a decisión do xurado e a consecvente apertura do sobre nº 1, comprensivo da documentación administrativas e a identificación dos participantes.

Os concursantes comprométese polo mero feito de presentar a súa proposta, a non divulgar esta, por si ou por medio de calquera dos membros do equipo, antes da decisión do Xurado, para garantir o anonimato e preservar a obxectividade do concurso. O incumprimento deste compromiso determinará a inmediata descualificación da proposta.

Os concursantes non poderán manter comunicacións referentes ao concurso cos membros do Xurado. Serán excluídas as propostas que vulneren o contido da presente Base.

Para garantir e preservar o anonimato, no caso de envío da documentación por calquera tipo de servizo de correos ou mensaxería, será imprescindible aclarar cos responsables do envío que non debe figurar nos sobres ou paquetes ningún selo ou ficha adhesiva co nome do remitente, nin dato ningún que poida revelar a súa identidade.

A documentación requirida para concursar débese presentar en dous sobres claramente identificados e diferenciados garantindo o anonimato das propostas. Os sobres que se deben presentar son os que se indican a continuación:

Sobre UN. Documentación xeral.

Sobre DOUS. Documentación técnica

A totalidade da documentación, é dicir os dous sobres, entregarase conxuntamente nun único paquete anónimo e que se identificarán co título "CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN" e O lema correspondente.

### **8.3. Prazo de presentación.**

O prazo de presentación das proposicións será o indicado no anuncio de licitación do concurso.

### **8.4. Criterios de valoración das propostas.**

A valoración das propostas centrarase na súa calidade global, estudada desde a complexidade específica do Concurso. Terase en conta:

- A. Calidade técnica da proposta no seu conxunto e a súa adecuación ao programa de necesidades: máximo 40 puntos.
  - a. Adecuación ao programa de necesidades.
  - b. Calidade técnica.
  - c. Adecuación funcional.
  - d. Adaptación e integración na contorna.
- B. Criterios de calidade ambiental e sustentabilidade: máximo 40 puntos.
- C. Grao de viabilidade técnica e económica: máximo 20 puntos

### **8.5. Garantías provisional e definitiva.**

De acordo co establecido no art. 106 da LCSP os participantes no concurso non deberán constituír garantía provisional. Así mesmo, en consonancia co estipulado no art. 107, parágrafo segundo, da LCSP, dadas as características do presente procedemento de licitación, non se esixirá a constitución de garantía definitiva ao gañador do concurso, sen prexuízo da súa procedencia no procedemento negociado, sen publicidade previsto no apartado 8 destas Bases, en concordancia co art. 168.d da LCSP.

### **8.6. Desenvolvemento do concurso.**



O concurso desenvolverase nunha soa fase coa seguinte estrutura:

1.-Recepción das ofertas por parte do órgano de contratación que revisará os aspectos xurídico administrativos e formais destas sen proceder á apertura dos sobres, custodiará a documentación e elevará o sobre número 2 “documentación técnica” de cada oferta ao Xurado. Poderá acompañar ademais un informe sobre todos aqueles aspectos que considere relevantes sobre as ofertas presentadas.

2.-O xurado valorará as propostas presentadas no sobre número 2 e establecerá a orde de prelación destas, establecendo motivadamente a puntuación obtida por cada unha delas, de acordo cos criterios de valoración establecidos nas presentes condicións reguladoras da licitación. Os resultados publicaranse na Plataforma de Contratación do Estado establecendo a orde de prelación das propostas recibidas. No sinalado anuncio publicarase igualmente o lugar e a data do acto público para a apertura dos sobres número 1. O acto será, como mínimo, 24 horas despois da publicación do anuncio.

3.-En acto público, convenientemente anunciado, o xurado abrirá o sobre nº 1 no que consta a identidade e solvencia dos concursantes.

4.-O xurado examinará, en acto interno posterior, o cumprimento dos requisitos de solvencia esixidos da proposta gañadora. A non acreditación desta dará lugar á exclusión da proposta, recalculando a orde de prelación dos seleccionados. Se da análise da documentación resultase que algunha das propostas incumpre algún dos sinalados requisitos, de conformidade co establecido no artigo 51.2 da LCSP, comunicaraos aos interesados para que no prazo de cinco días naturais poidan emendar os defectos. No caso de que non emendasen a documentación requirida, se o fan fóra de prazo ou non se cumprisen coas esixencias establecidas, entenderase que retiraron materialmente a proposta e implicará a descualificación do concursante e volverase cualificar o resultado do concurso, procedendo ao exame dos requisitos de participación dos novos seleccionados.

5.-Unha vez comprobado o indicado no punto anterior, o Xurado elevará o informe ao órgano de contratación sobre o resultado do concurso, asinado por todos os seus membros, onde constará a clasificación das propostas gañadoras de acordo coas normas do concurso xunto coas observacións e demais aspectos que requiran aclaración. O ditame do Xurado terá carácter vinculante para o órgano de contratación

6.-O acto administrativo que resolva o concurso de proxectos con intervención de xurado disporá, ademais, o inicio do procedemento de adxudicación da redacción do proxecto por procedemento negociado sen convocatoria de licitación a favor do gañador do concurso e a dirección de obras correspondente cando estas se executen.

### **8.7. Comprobacións posteriores e adxudicación.**

O órgano de contratación adxudicará o concurso conforme á proposta do Xurado, incluíndo, no seu caso, as modificacións necesarias para garantir a súa viabilidade, sempre de acordo co gañador do concurso. E requirirá ao concursante proposto como gañador para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles desde o seguinte a aquel en que recibisen o requirimento, presenten a documentación acreditativa que se enumera a continuación:

-O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, se é o caso, do asinante da proposición, na forma que se establece nestas Bases.

-Cantos documentos acrediten a solvencia, segundo os termos e requisitos indicados nestas Bases, e en consonancia co que fose declarado no momento de presentar a proposta a concurso.

-A documentación acreditativa de non estar incurso en prohibición de contratar.

-A documentación acreditativa de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do RGLCAP:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdise aínda a obrigación de pago. O alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao



obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non darse de baixa na matrícula do citado imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunhas das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do RGLCAP, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, deberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren os apartados anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do RGLCAP e se é o caso, poderán ser remitidas ao órgano de contratación por vía electrónica, de acordo coa normativa vixente aplicable ao respecto diso. Non obstante o anterior, o participante proposto como gañador non estará obrigado a achegar ditas certificacións, se na declaración responsable á que se refire o apartado 8.1 destas Bases autorizou expresamente á Administración contratante para obter da Administración certificante a información que acredite que cumpre as circunstancias indicadas.

Cando, como consecuencia de problemas técnicos ou calquera outra circunstancia sexa imposible para esta Corporación obter vía telemática os certificados acreditativos da situación de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias co Estado e coa Seguridade Social, requirirase ao participante proposto para que sexa este o que no prazo de 5 días hábiles presente as mesmas.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, deberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente das súas obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado deberá referirse aos doce últimos meses.

A concesión efectiva do premio quedará condicionada á presentación da citada documentación, a que esta sexa correcta e demostre fidedignamente todos os requisitos contidos nestas Bases.

O órgano de contratación deberá adxudicar o concurso, dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá notificarse aos particulares, salvo aqueles que exercitasen expresamente o seu dereito a manterse no anonimato, nos termos previstos nestas Bases e, simultaneamente, publicarse no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos.

A adxudicación e formalización do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións do contrato no exercicio correspondente.

## **9. DESISTENCIA E RENUNCIA.**

Nos termos previstos no artigo 152 da LCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá decidir non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas. A decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderá acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

En caso de levarse a cabo a desistencia do concurso despois da fase de presentación de propostas, indemnizarase aos concursantes admitidos dos gastos nos que incorresen trala presentación de solicitude na Administración convocante. Para iso deberán presentarse debidamente acreditados, no prazo de dez días naturais desde a comunicación do acordo de desistencia ou renuncia, os gastos efectuados até a data desta, sempre que presenten unha relación directa coa proposición presentada, con achega das facturas correspondentes. Transcorrido o prazo sinalado non haberá dereito a esixir indemnización ningunha. A tramitación realizarase conforme ao previsto nas presentes Bases, no art.152 da LCSP e de acordo aos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.





## **10. PROPIEDAD INTELECTUAL.**

### **10.1. Garantías, dereitos e titulares.**

Os participantes garanten que os traballos presentados son orixinais e que en ningún caso infrinxen dereitos de terceiros, nin de propiedade intelectual ou industrial nin violentan pactos de confidencialidade nin de calquera outro tipo e que, por tanto, están plenamente lexitimados para participar no presente concurso de acordo ás súas bases. En consecuencia, os participantes responsabilízanse fronte ao Concello de Monforte de Lemos de calquera reclamación que se puidese facer neste sentido.

O concursante gañador coa presentación do seu traballo no presente concurso, cede en favor do Concello de Monforte de Lemos, en exclusiva e con expresa facultade do Concello de Monforte de Lemos para ceder a terceiros para os efectos de execución do proxecto, para un ámbito mundial e por unha vixencia igual á dos dereitos de autor todos os dereitos de explotación (reproducción, distribución, comunicación pública e posta a disposición) en todos os soportes, formatos e modalidades existentes sobre o seu proxecto, así como a totalidade dos eventuais dereitos de propiedade industrial que se puidesen derivar.

A propiedade intelectual dos traballos gañadores pasará a ser propiedade do Concello de Monforte de Lemos como organismo convocante, que se reserva os dereitos dunha posible publicación e/ou exposición dos mesmos ou outros usos que puidesen ser do seu interese.

A título meramente enunciativo:

**Reproducción:** de todos os seus elementos en calquera soporte, tanxibles ou non en calquera medio e soporte apto para incorporar- directa ou indirectamente- o proxecto e as súas copias e as obras derivadas e/ou compostas nas que puidese quedar incorporada.

**Distribución:** de copias e outros proxectos derivados e/ ou compostos das que ou nas cales o proxecto, así como calquera dos seus elementos, puidese atoparse incorporado, a través de calquera forma de distribución ou de posta en disposición ao público.

**Comunicación pública e posta en disposición do proxecto e de todos os seus elementos, e dos proxectos derivados e/ou compostos nos cales total ou parcialmente se atope incorporado e todo iso vía calquera modalidade.**

As anteriores previsións da presente cláusula tamén se aplicasen, segundo corresponda e aplíquese, ao resto dos premiados.

O Concello de Monforte de Lemos non se obriga a divulgar todos os proxectos e pode facelo de forma total e/ou parcial de acordo cos seus criterios e de acordo cos condicionantes técnicos e de oportunidade que considere en cada caso conveniente.

Os participantes do concurso poderán recoller o material achegado (paneis e maqueta) durante os 30 días posteriores á finalización da exposición pública dos traballos, que poida organizar o Concello de Monforte de Lemos.

### **10.2. Créditos.**

Sen prexuízo da titularidade anteriormente mencionada, os dereitos morais dos participantes serán sempre recoñecidos. A mención será compartida- se procede- co recoñecemento ás persoas que participasen no proceso de creación e desenvolvemento do proxecto, de acordo cos usos habituais e de dispoñibilidade de cada formato

A presente cláusula aplícase tanto ao gañador do presente concurso como ao resto de premiados.

## **11. DIFUSIÓN**

### **11.1. Exposición e publicación.**

O Concello de Monforte de Lemos poderá realizar a difusión que considere oportuna a través de exposicións e publicacións de todos ou parte dos traballos presentados ao Concurso, citando a súa procedencia e autoría, salvo naqueles casos nos que os concursantes solicitasen expresamente na Solicitud de Participación (Anexo I) permanecer no anonimato en caso de non resultar premiados.

Igualmente o Concello de Monforte de Lemos poderá publicar todos os traballos presentados en soporte papel, dixital e mesmo en internet nas mesmas condicións establecidas para a exposición.



### **11.2. Dereito de información dos concursantes.**

Todos os concursantes teñen dereito a examinar os traballos admitidos durante o período dun mes desde a comunicación da decisión do Xurado. En caso de acordarse a exposición pública dos traballos, entenderase que este dereito de información quedará cumprido pola apertura ao público da devandita exposición e/ou a publicación no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos.

Toda a documentación gráfica e escrita comprensiva das propostas técnicas dos distintos participantes quedará en poder da entidade convocante coa finalidade de xestionar a publicación dos resultados do Concurso.

## **12. DEREITOS DE IMAXE E CONFIDENCIALIDADE**

### **12.1. Dereito de imaxe.**

O gañador autoriza ao Concello de Monforte de Lemos a utilización da súa imaxe e datos persoais co fin de dar a máxima difusión ao concurso, sexa cal for o formato de difusión (radiofónico, televisivo, online vía web propia e/ou webs relacionadas, prensa escrita e dixital tanto interna como externa, material promocional e publicidade, redes sociais, edición do material do concurso, entre outros).

### **12.2. Confidencialidade.**

O gañador do concurso non poderá facer ningún uso ou divulgación da idea premiada e dos documentos elaborados con motivo do concurso, xa sexa de forma total ou parcial, directa ou por extractos, sen a autorización expresa do órgano de contratación. Este deber de confidencialidade estará vixente ata que non finalice o período de execución das obras.

Monforte de Lemos, 25 de maio de 2020.

O Alcalde

O Técnico de contratación

José Tomé Roca

José Luís Cañoto López



**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

D./D<sup>a</sup>

con D.N.I. N<sup>o</sup>

Ou, no seu caso D./D<sup>a</sup>:

con D.N.I. n<sup>o</sup>

en representación de con C.I.F./N.IF

Coñecedor do "CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN", organizado polo Concello de Monforte de Lemos, tramitado mediante procedemento aberto

- SOLICITA:

A participación no citado concurso convocado polo Concello de Monforte de Lemos mediante publicación na Plataforma de Contratos do Sector Público o día.....de.....de ....., cuxo prazo de presentación de solicitudes finaliza o día..... .

-E declara que posúe plena capacidade para obrar e que coñece e acepta plenamente as Bases e o Prego de Prescricións Técnicas aprobadas para rexer o Concurso.

-Declara así mesmo ter coñecemento da obrigación legal establecida no artigo 14, da Lei 39/ 2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de relacionarse coa administración exclusivamente por medios electrónicos.

Consignándose os seguintes datos do interesado para os efectos de notificacións e requirimentos:

NOME E APELIDOS

DOMICILIO:

TELÉFONO/FAX:

CORREO ELECTRÓNICO

En caso de non resultar premiados, prefírese permanecer no anonimato tanto na exposición pública dos traballos presentados como na súa posible publicación en papel ou Web (marcar cun X no cadro en caso afirmativo)

Lugar, data e firma

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (Lopd), infórmase aos participantes do concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos. Ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal, así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a lei dirixíndose por escrito á secretaría deste Concello.



**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CAPACIDADE, DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE PROHIBICIÓN, DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN DE SOLVENCIA TÉCNICA E COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE EQUIPO TÉCNICO MÍNIMO, EN CASO DE RESULTAR ADXUDICATARIO**

D./D<sup>a</sup>

con D.N.I. Nº

Ou, se é o caso D./D<sup>a</sup>:

con D.N.I. nº

Declara responsablemente:

1. Que non está incursado en causa de incapacidade para contratar coa Administración Pública.
2. Que el/ela ou a empresa /UTE que representa, nin as súas persoas apoderadas, nin representantes se atopan incursos en ningunha das causas de prohibición de contratar a que se refire o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
3. Que:
  - En caso de ser persoa física, se atopa en posesión do título de enxeñeiro de camiños ,canles e portos, ou outro equivalente.
  - En caso de representar a unha persoa xurídica, declara que os fins, obxecto ou ámbito da súa actividade, a teor do que dispoñen os seus estatutos ou regras fundacionais, son acordos ás prestacións que se esixen neste concurso.
4. Que se compromete, en caso de resultar gañador do concurso a constituír un equipo integrado polo menos polos perfís técnicos que se especifican no apartado 6.2 destas Bases.
5. Que coa intención de xustificar o indicado no punto 2 deste Anexo, se acompaña copia compulsada dos títulos ou certificacións oficiais que referendan estas titulacións e carta de compromiso de cada unha das persoas integrantes do equipo mínimo, e daqueles profesionais que, a maiores, puidesen incluírse no equipo.
6. Que en caso de resultar adxudicatario do contrato, se compromete, conforme ao disposto no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a acreditar formalmente a efectiva disposición de tal equipo.
7. Que se atopa ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes

Lugar, data e firma

*De acordo coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (Lopd), infórmase aos participantes do concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos. Ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal, así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a lei dirixíndose por escrito á secretaria deste Concello.*



Expediente:

**021-CP20**

**ANEXO III**

**COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS/PROFESIONAIS (UTE).**

Tendo coñecemento da convocatoria do “CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE METÁLICA NO CENTRO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS E CONEXIÓNS DESTA COAS RÚAS CORREDOIRA, SANTA CLARA E PASEO DO MALECÓN”, organizada polo Concello de Monforte de Lemos, por medio do presente:

D. / D.ª , con DNI n.º ,  
en nome e representación de \_\_\_\_\_,

D. / D.ª , con DNI n.º ,  
en nome e representación de \_\_\_\_\_,

(etc., se é o caso)

Manifestan o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas en caso de resultar gañador dalgún dos premios do citado Concurso, acordando as seguintes porcentaxes de participación de cada un dos compoñentes que formarán a UTE.:

Nome e apelidos NIF	Porcentaxe de participación na UTE (%)
_____	_____
_____	_____

Así mesmo acordan designar como representante e interlocutor único ante a Administración convocante a D/Dª..... con NIF....., cos seguintes datos a efectos de notificacións:

Domicilio en.....CP.....Rúa/Praza .....

Teléfono fixo.....Teléfono móbil.....

Correo electrónico.....

E para que así conste, para os efectos de participar no citado concurso, asinan a presente declaración: (todos os representantes das empresas).

*De acordo coa Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (Lopd), infórmase aos participantes do concurso que os seus datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten serán incluídos e tratados de forma confidencial no ficheiro do concurso cuxo responsable é o Concello de Monforte de Lemos. Ao participar no concurso e cubrir a documentación correspondente os participantes consenten expresamente que se poida levar a cabo o tratamento dos seus datos de carácter persoal, así mesmo, os participantes poderán exercer en calquera momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que recoñece a lei dirixíndose por escrito á secretaría deste Concello.*